


UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: A DORSAL (2)



MONTES DO TESTEIRO

O punto máis alto é o monte Uceiro con 1.003 m. Desde os cumes hai unhas espléndidas vistas dos arredores.

Está incluída no Espazo “Serra do Candán” (Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposta para a Rede Natura 2000). Pódese acceder desde Vilatuxe ou desde O Paraño.



SERRA DO FARO

A máxima altura é o Monte Faro, con 1.187 m. É un espléndido miradouro sobre as terras da Golada e Chantada. Nas proximidades, en Carballedo, atópanse varios carballos centenarios.

Está declarada como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposta para a Rede Natura 2000. Accedese desde a estrada de Lalín a Chantada, desde Rodeiro, Carballedo ou Oseira.



Ermida da Nosa Señora do Faro.



Panorámica da comarca de Chantada desde a Serra do Faro.

SERRA DO CANDÁN

A altura máxima é de 1.017 no monte de San Bento.

Conserva boas carballeiras (Zobra) e unha fauna de grande interese, pola variedade, e, sobre todo pola presenza de especies pouco comúns noutros lugares como o bufo real, a gatafornela ou a tartaraña cincenta.

Está declarada Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposta para a Rede Natura 2000. Accedese desde Forcarei ou Vilatuxe. Na ladeira oeste atópase o mosteiro de Acibeiro.




SERRA DO CANDO

O pico máis alto é o Outeiro do Couso, con 1.019 m.

As carballeiras do Verdugo son uns dos bosques autóctonos mellor conservados da provincia de Pontevedra. No Pelete hai un carballo centenario.

Está declarada Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposto para a Rede Natura 2000. Accedese desde Cerdedo ou A Lama.



O río Verdugo nace na vertente oriental do Cando, no Outeiro Grande. Nel e nos seus afluentes hai varias fervezas de interese (Abelaido e Firveda)

Desde os cumes divísanse as rías de Vigo, Pontevedra e parte da de Arousa

MONTES DA PARADANTA

O cumo máis alto é Chan do Rei con 956 m. Ten unhas espléndidas vistas sobre o val do Miño, a comarca de Pontearreas e as serras de Laboreiro e Xeres. Na zona norte atópase o santuario da Franqueira.

Accedese desde A Cañiza, As Neves ou Arbo.



SERRA DO FARO DE AVIÓN

O cumo é o Monte Faro de Avión con 1.155 m. Nesta serra nacen varios afluentes do Miño: Cortella, Cerves, Brul, Deva, Tea...

Desde os cumes hai unhas vistas impresionantes sobre todo o contorno.

Nos vales do Tea consérvanse boas carballeiras e no río Cerves e os seus afluentes hai varias fervezas.

Accedese desde Melón ou desde A Cañiza.



Ermida da Xestosa.



SERRA DO SUÍDO

O pico de máis altura é o Coto da Puza con 1.027 m, onde nace o río Avia. Conserva importantes restos etnográficos (foxos de lobo, chozos...), carballeiras e fervezas.

Accedese desde Avión, Beariz, Nieva, Pontecaldelas, ou A Lama.



Carballeira da Xesta. Situada na marxe esquerda do río Xesta, entre Pigarzos e A Xesta. Unha das carballeiras de montaña máis extensas e mellor conservadas da Galiza occidental.

Ferveza no Xesta. Na Serra do Suído hai numerosas fervezas nos cursos altos dos ríos Xesta, Parada, Avia...



Ferveza de Tourón, no río Cerves (Melón).